

NOTA DE PRENSA

O Colexio de Arquitectos de Santiago e o Concello de Noia organizan unhas xornadas arredor do Plan Xeral de Ordenación Municipal

Celebraranse en setembro e outubro na casa da cultura de Noia e participarán seis acreditados profesionais

Hai 70 prazas, a inscrición é gratuíta e pode formalizarse dende o 26 de agosto na web colexial www.coag.es

Santiago-Noia, 24 de agosto de 2013 (Vía Láctea Comunicación).- A Delegación de Santiago do Colexio de Arquitectos de Galicia e o Concello de Noia organizan en setembro e outubro unhas xornadas divulgativas baixo o título de ***Planeando: Plan Xeral de Ordenación Municipal de Noia***. Serán catro sesións, tres conferencias e unha charla-coloquio, “de carácter didáctico e entretidas”, segundo subliña o programa, co fin de incentivar a participación de persoas sen relación profesional co urbanismo ou a planificación, polo que están dirixidas aos cidadáns en xeral, aínda que tamén a técnicos implicados en temas urbanísticos e do hábitat.

A inscrición é gratuíta, pero obrigatoria cara a obter o correspondente certificado de participación, e o prazo comeza o luns, 26 de agosto, un trámite que se debe facer a través da web do Colexio de Arquitectos www.coag.es . Hai 70 prazas.

As xornadas propóñense coa intención de iniciar unha reflexión baseada no traballo e a exemplarización de elementos que forman parte da transformación dunha vila como Noia, segundo indica o colexio profesional: “Coa ocasión da presentación pública do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Noia temos a oportunidade de debater sobre os principios que rexen ou deben rexer a planificación urbana dunha vila. Ademais pensemos que en Galicia as vilas son núcleos urbanos moi representativos, cunha escala de capacidade de relación coa contorna que fan que os cidadáns sexan quen de comprender e participar nos procesos de transformación dos espazos privados e compartidos”.

En cada charla participará como relator un especialista nun tema concreto, que dará pé ao debate e á discusión, así como á aclaración de dúbidas por parte dos presentes, sobre a mellor configuración dos espazos urbanos. Cada relator ofrecerá unha imaxe do proxecto urbano dende o punto de vista da sociedade, da Administración e do técnico independente.

O urbanismo non é só unha distribución de superficies edificables, mentres que a planificación é un acordo social subscrito polos individuos dunha determinada comunidade, segundo se recolle no texto de presentación das xornadas.

PROGRAMA

6 de setembro

Leandro del Río

Arquitecto e Urbanista.

“Aproveitamentos e superficies en plans xerais”

Hora: 19:30

13 de setembro

Manuel Borobio

Arquitecto

Director do Instituto de Estudos do Territorio da Xunta de Galicia

“Os Plans Xerais de Ordenación e o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia”

Hora: 19:00

20 de setembro

Juan Requejo

Licenciado en Ciencias Económicas

Licenciado en Xeografía

Consultor de planificación.

“Planeamento, individuo e sociedade”

Hora: 19:00

11 de outubro

Alfonso Salgado e Francisco Liñares

(SalgadoeLiñares ArquitectosEnxeñeiros)

Arquitectos

“Intervencións en Noia”

Sebastián Ríos

(UNO70 ARQUITECTURA)

Arquitecto

“Intervencións en Noia”

Álvaro Marín e Alfonso Castro

(2es+ ESTUDIO DE ARQUITECTURA)

Arquitectos

“Intervencións en Noia”

Hora: 19:00

Lugar: Casa da Cultura “Antón Avilés de Taramancos” de Noia
Rúa Corredoira de Luis Cadarso s/n

Número de prazas: 70

Inscripción: A partir do 26 de agosto, na web do COAG. **Gratuíta.**

PRENSA COLEXIO DE ARQUITECTOS

Manolo Fraga_981 55 44 07_609 172 304